



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 23 DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E CINCO

O 23 de xullo de 2025, ás 11:00 h, reuníronse os membros da Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria para os efectos de tratar os asuntos da Orde do día da convocatoria.

ASISTENTES

Presidente
José Manuel Mato Martinez

CONCELLEIROS/AS PRESENTES:

Constantino Fernández Vila
Juan Ramón Vidal Torrado
Raquel Fondo Pérez

CONCELLEIROS/AS AUSENTES:

María Josefa Álvarez Bugallo

Secretaria: Antía Pena Dorado

O presidente abre a sesión despois de comprobar que existe o quórum que esixe o artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

1 Aprobación da acta da sesión do 9 de xullo de 2025

O presidente pregúntalles ás/aos membros da Xunta de Goberno Local que están presentes se queren facer algunha observación á acta da sesión do 9 de xullo de 2025.
Non hai observacións.

As/os membros da Xunta de Goberno Local aproban a acta da sesión do 9 de xullo de 2025 por unanimidade.

2 Expediente 2024/U026/000015. Licenza de obras para reparar edificacións anexas a vivenda familiar en Pazos de Arriba, 71, Pazos

A secretaria dá conta da proposta da Alcaldía.

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

EXPEDIENTE:	2025/U026/000015
ASUNTO:	Solicitud de licenza de edificación para “Reparación de edificacións anexas a vivenda unifamiliar”.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

INTERESADO:	XXXXXXXXXXXXX.	DNI/NIF/CIF: ***1945*.*.	
REPRESENTANTE:		José Fernando Añón Pose.	
	DNI/NIF/CIF: ***6550*.*		
SITUACIÓN:	Pazos de Abaixo, nº 71. Ponteceso. CP: 15110.		
Ref Catastrais:	5103305NH1950S0001GI		

Logo de ver os seguintes antecedentes:

I.- ANTECEDENTES

17/02/2025 Achégase comunicación previa de obra coa seguinte documentación:

- ☐ Datos de identificación do solicitante: Persoa física: DNI .
- ☐ Datos de identificación do representante: Persoa física: DNI .
- ☐ Acreditación de representación a nome de José Fernando Añón Pose.
- ☐ Proxecto técnico de reparación de edificacións anexas a vivenda unifamiliar, sen visado colexial, asinado por técnico competente o Arquitecto José Fernando Añón Pose colexiado nº 2423 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (Coag).
- ☐ Oficio de dirección das obras. Arquitecto José Fernando Añón Pose colexiado nº 2423 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (Coag).
- Oficio de coordinación en materia de seguridade e saúde. Arquitecto José Fernando Añón Pose colexiado nº 2423 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (Coag).
- Estatística de edificación e vivenda.
- Certificado de colexiación do Arquitecto José Fernando Añón Pose emitido polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (Coag).

28/02/2025 Segundo informe técnico do Enxeñeiro de Edificación e Arquitecto Técnico Municipal D. Ernesto Fernando Calvo Pérez, e do arquitecto como servizo externo Juan S. Lareo Sánchez, colexiado nº 3334 do Coag, o expediente esta INCOMPLETO, polo que se lle notifica a documentación a maiores que ten que achegar ou corrixir, así como as modificacións, xustificacións ou correccións que deba presentar do proxecto para poder continuar coa tramitación do expediente:

A parcela en cuestión está clasificada como **Solo de Núcleo Rural Común NRC1** regulado na ordenanza específica disposta no artigo 7.2.2 do PXOM.

A obra que se pretende trata da reparación das cubertas de varios almacéns (unificando alturas), cambio da escaleira de acceso a planta alta demolendo o galpón situado ao seu lado e reparación do cerramento do almacén situado ao lado do portal.

O uso das construcións agropecuarias de tipo familiar e tradicional está autorizado neste tipo de solo.

Segundo as definicións de obras suxeitas ao procedemento ordinario, dispostas no anexo 1 da *Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa* (publicada no B.O.P. n.º 198, do 16 de outubro de 2014), as obras que se pretenden teñen a denominación de **obras de reforma/ consolidación**. Deberá adecuar a documentación presentada a esto.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

O proxecto técnico presentado está incompleto, de acordo co recollido no Anexo I da Parte I do *Código técnico da edificación*.

Sobre as determinacións do PXOM e parámetros básicos a cumprir:

NORMATIVA DE OBRIGADO CUMPRIMENTO	PROYECTO
CUMPRIMENTO DO CTE - RD. 314/2006. CODIGO TECNICO DE EDIFICACION	
DB-SI. Cumprimento da Seguridade en caso de incendio	Deberase aplicar o CTE aos elementos substituídos ou modificados.
DB-SUA. Cumprimento da Seguridade de utilización e accesibilidade	
DB-SE. Cumprimento da Seguridade estrutural	
DB-HS. Cumprimento da Salubridade	
DB-HE. Cumprimento do Aforro de Enerxía	
DB-HR. Cumprimento da Protección contra o ruído.	

Por outra banda e finalmente, deberá achegar a seguinte documentación:

1. *Copia do/s documento/s de autoliquidación do tributo/s correspondente/s*
2. *Datos de identificación da solicitante:*
 1. *Persoas físicas: DNI (ou documento que faga as súas veces) (da solicitante e da representante). Quen compareza ou asine en representación doutro, acompañarán, ademais, un documento que acredite debidamente a devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable).*
 2. *Persoas xurídicas: DNI da representante e documentación acreditativa da representación e escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.*
3. *Escritura pública de propiedade do terreo inscrita no Rexistro da Propiedade cando haxa cesións ou outras condicións suxeitas a inscrición rexistral.*
4. *Os prezos das partidas e do Orzamento de Execución Material deben ser coherentes coas obras a executar, xa que se considera que os achegados están subestimados.*
5. *Segundo o Real Decreto 1000/2010, de 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio.*

Artigo 2. Visados obrigatorios.

É obrigatorio obter o visado colexial unicamente sobre os traballos profesionais seguintes:

a) Proxecto de execución de edificación. A estes efectos entenderase por edificación o previsto no artigo 2.1 de la Lei 38/1999, de 5 de novembro, de ordenación da edificación. A obriga de visado alcanza a aquelas obras que requiran proxecto de acordo co artigo 2.2 de dita lei.

Atendendo á lei 38/1999, de 5 de novembro, de ordenación da edificación, no seu artigo 2.2:

2. Terán a consideración de edificación aos efectos do disposto nesta Lei, e requirirán un proxecto segundo o establecido no artigo 4, as seguintes obras:

b) Todas as intervencións sobre os edificios existentes, sempre e cando alteren a súa configuración arquitectónica, entendendo por tales as que teñan carácter de intervención total ou as parciais que produzan unha variación esencial da composición xeral exterior, a volumetría, ou o conxunto do sistema estrutural, ou teñan por obxecto cambiar os usos



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

característicos do edificio.

Polo que será preciso que o proxecto estea visado.

Antes do comezo das obras terase que facer a entrega ante este Concello do:

Nomeamento do contratista e a xustificación da súa alta para aos efectos do imposto de actividades económicas.

A efectos do cumprimento coa ordenanza fiscal correspondente cara a liquidación das Taxas pola expedición da licenza urbanística e do ICIO, o (Oem) Orzamento de Execución Material que figura na documentación presentada para a realización das respectivas liquidacións, e que NON SE CORRESPONDE co total das obras a executar, ascende a un Oem de 12.926,57 €. Os prezos das partidas e do Orzamento de Execución Material deben ser coherentes coas obras a executar, xa que se considera que os achegados están subestimados.

04/06/2025 Achégase a seguinte documentación complementaria:

- ☐ Acreditación de representación a nome de José Fernando Añón Pose.
- ☐ Proxecto Básico e de Execución de reparación de edificacións anexas a vivenda unifamiliar, visado dixitalmente, asinado por técnico competente o Arquitecto José Fernando Añón Pose colexiado nº 2423 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (Coag).

11/06/2025 Segundo informe técnico do Enxeñeiro de Edificación e Arquitecto Técnico Municipal D. Ernesto Fernando Calvo Pérez o expediente esta INCOMPLETO, polo que se lle notifica a documentación a maiores que ten que achegar ou corrixir, así como as modificacións, xustificacións ou correccións que deba presentar do proxecto para poder continuar coa tramitación do expediente:

Copia dos impresos xustificativos do abono das Taxas polo Outorgamento de licenza urbanística e do ICIO.

19/06/2025 Informe da intervención municipal acerca da proposta de liquidación do ICIO

26/06/2025 Achéganse os impresos xustificativos do abono das taxas polo Outorgamento da licenza Urbanística e do ICIO. Detalle das liquidacións:

Outorgamento de licenza urbanística: (Oem x 0,20 %) = 12.926,57 € x 0,20 % = 25,85 €.
ICIO: (Oem x 4,00 %) = 12.926,57 € x 4,00 % = 517,06 €.

27/06/2025 Informe do técnico municipal de carácter favorable
08/07/2025 Informe Xurídico

Considerando o disposto na Ordenanza Fiscal nº23, reguladora da Taxa polo outorgamento de Licencias Urbanísticas e outros servizos urbanísticos (Publicación definitiva BOP Nº 198 de 16-10-2014



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Considerando o disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e no Plan Xeral de Ordenación Municipal que foi obxecto de **Aprobación definitiva no Pleno Municipal do luns, 9 de Marzo de 2015**. Publicado no D.O.G. nº 95, o 22 de Maio de 2015. || Publicado no B.O.P. nº 99, o 28 de Maio de 2015.

A competencia para resolver o expediente corresponde, en base ó disposto no art. 21.1 q) da lei 7/85 e no art. 61.1.o) da Lei 5/997, á Alcaldía mais está delegada na Xunta de Goberno Local por decreto 734/2023 do 08.09.2023

Por todo o anterior;

PROPOÑO Á XGL:

PRIMEIRO.- Proceder á concesión da **Licenza de obras de reparación de edificacións anexas a vivenda unifamiliar a XXXXXXXXXXXXXXXX. DNI/NIF/CIF: ***1945*.*. en Pazos de Abaixo, nº 71. Ponteceso. CP: 15110. Ref.Catastral 5103305NH1950S0001GI**, segundo o Proxecto técnico de reparación de edificacións anexas a vivenda unifamiliar, sen visado colexial, asinado por técnico competente o Arquitecto José Fernando Añón Pose colexiado nº 2423 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (Coag), ao cal debe aterse.

SEGUNDO.- Suxeitar a concesión da licenza de obras ás seguintes condicións:

Particulares, segundo o informe técnico:

- **Requirirase novo Proxecto técnico** redactado por técnico competente e a **dirección das obras** correspondente no caso de finalmente querer acometer a reforma interior da edificación existente.
- A construción e forma da cuberta será a establecida no artigo 3.2.4. para Cubertas Integradas no Medio Rural.
- A propiedade a de aterse o indicado no artigo 3.2.13.- CONDICIÓN DE INTEGRACIÓN E DE ADAPTACIÓN AO AMBIENTE en solo de núcleo rural e en solo rústico do PXOM, é no indicado no ARTIGO 7.1.6.- CONDICIÓN DA EDIFICACIÓN do PXOM.
- A propiedade a de aterse o indicado no ARTIGO 7.1.7.- CONDICIÓN MÍNIMAS DE URBANIZACIÓN, CESIÓNS. Autorízase a execución simultánea das obras de acometida, urbanización e edificación. Os servizos urbanísticos correspondentes ás conexións de Saneamento, Enerxía Eléctrica, Rede de auga potable e pavimento asfaltado serán por conta da propiedade. O municipio deberá esixir garantías suficientes do cumprimento desta obriga.
- *As novas liñas de electricidade e telecomunicacións deberán ser soterradas. Art. 7.1.5 do PXOM. Actuacións incompatibles. Están prohibidos os novos tendidos aéreos.*

Antes do comezo das obras terase que facer a entrega ante este Concello do nomeamento do contratista e a xustificación da súa alta para aos efectos do imposto de actividades



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

económicas.

- O Promotor/Construtor terá que solicitar autorización de ocupación de vía pública ante o Concello “se fose o caso” para a realización dos traballos relativos a colocación contedores, valados, guindastres, estadas, etc.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra ou o director de execución de obra deixan de actuar nela, a propiedade debe de poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

Antes do comezo das obras haberá que realizar o trazado de planta. Tamén haberá que asinar a acta de aliñacións e de rasantes, de mutuo acordo entre o técnicos municipais, os directores das obras e a propiedade.

Ademais:

- Os residuos de construción producidos durante a execución xestionaranse conforme ás disposicións de proxecto e de acordo co establecido no R.D. 105/2008, do 1 de febreiro, de xeito que os que non poidan ser valorizados, reciclados ou reutilizados serán levados a vertedoiro autorizado non podendo depositarse nos contedores de residuos domésticos.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Para a instalación e sinalización dos contedores, guindastes, estadas, etc., compre a colaboración e coordinación co Coordinador de Seguridade e Emerxencias do Concello e coa policía local de cara a adecuada sinalización do ámbito e organización do tráfico, a fin de evitar confusións e inconvenientes á veciñanza.
- Por último, comunicase a necesidade de adoitar as medidas necesarias para a protección dos traballadores e habitantes, cumprindo cos requisitos da lexislación vixente en materia de Seguridade e Saúde. As obras adaptaranse ao disposto no R.D. 1627/1997 de 24 de outubro sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, quedando baixo a responsabilidade do promotor o cumprimento do mesmo.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

- Deberase comprobar se o material de fibrocemento contén asbestos, e no caso de que así fora, o tratamento do material deberá facelo unha empresa homologada para a súa manipulación.
- **A efectos do cumprimento coa ordenanza fiscal correspondente cara a liquidación das Taxas pola expedición da licenza urbanística e do ICIO, o (Oem) Orzamento de Execución Material que figura na documentación presentada para a realización das respectivas liquidacións, e que SE CORRESPONDE inicialmente co total das obras a executar, ascende a un Oem de 12.926,57 €. Detalle das liquidacións xa realizadas:**
 - Outorgamento de licenza urbanística: (Oem x 0,20 %) = 12.926,57 € x 0,20 % = 25,85 €.
 - ICIO: (Oem x 4,00 %) = 12.926,57 € x 4,00 % = 517,06 €.
- **Debéndose de cumprir os seguintes prazos desde o outorgamento da licenza:**
 - Prazo para o inicio da obra de desmantelamento:.....6 meses.
 - Prazo para a terminación da obra de desmantelamento:.....36 meses.

TERCEIRO.-Segundo o disposto no artigo 353.2 do Decreto 143/2016 a licenza outorgase cos seguintes extremos:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto de actuación: **A parcela en cuestión está clasificada como Solo de Núcleo Rural Común NRC1 regulado na ordenanza específica disposta no artigo 7.2.2 do PXOM.**
- a) Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: **Reparación de edificacións anexas a vivenda unifamiliar**
- b) Altura, ocupación e edificabilidade de parcela permitidos:

Altura: **A existente**
Ocupación: **Pasa de 15,40% a 15,80 %**
Edificabilidade: **Pasa de 0,27m²/m² a 0,25 m²/m²**
- d) Orzamento de execución material **12.926,57 €**
- d) Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral de encontrarse inscrito: **Pazos de Abaixo, nº 71. Ponteceso. CP: 15110. Ref.Catastral 5103305NH1950S0001GI**
- e) Nome ou razón social da persoa promotora: **XXXXXXXXXXXXXXXXX. DNI/NIF/CIF: ***1945*-*.**
- f) Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras e técnico



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

coordinador de seguridade e saúde: **Arquitecto José Fernando Añón Pose colexiado nº 2423 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (Coag)**

g) Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas: artigo 145 da LSG.:

- ☐ **Prazo para o inicio da obra:.....6 meses.**
- **Prazo para a terminación da obra:36 meses.**

CUARTO.- Notificar ao interesado, aos efectos legalmente establecidos, e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que se celebre.

Documento asinado dixitalmente na data e polas persoas que se indican ao marxe."

Os membros da Xunta de Goberno Local que están presentes aproban a proposta por unanimidade de votos a favor

3 Expediente 2025/U026/000014. Licenza de obras de reparación de vivenda familiar en Pazos de Abaixo, 59, Pazos

A secretaria dá conta da proposta da Alcaldía.

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

EXPEDIENTE:	2025/U026/000014
ASUNTO:	Solicitud de licenza de edificación para "Reparación de Vivenda Unifamiliar".
INTERESADO:	XXXXXXXXXXXXX. DNI/NIF/CIF: ***5256*.*.
REPRESENTANTE:	José Fernando Añón Pose. DNI/NIF/CIF: ***6550*.*.
SITUACIÓN:	Pazos de Abaixo, nº 59. Ponteceso. CP: 15114.
Ref Catastrais:	4701901NH1940S0001QR

Logo de ver os seguintes antecedentes:

I.- ANTECEDENTES

17/02/2025 Achégase comunicación previa de obra coa seguinte documentación:

- Acreditación de representación a nome de José Fernando Añón Pose.
- Proxecto técnico de reparación de vivenda unifamiliar en Pazos de Abaixo, 59 do Arquitecto José Fernando Añón Pose colexiado nº 2423 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (Coag).
- Oficio de dirección das obras. Arquitecto José Fernando Añón Pose colexiado nº 2423 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (Coag).



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

- Oficio de coordinación en materia de seguridade e saúde. Arquitecto José Fernando Añón Pose Colexiado nº 2423 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (Coag).
- Certificado de Colexición do Arquitecto José Fernando Añón Pose emitido polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (Coag)
- Declaración responsable para a realización de obras menores de conservación e mantemento das edificacións, instalacións e peches situados na zona de servidume ou na zona de afección das estradas de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia

28/02/2025 Segundo informe técnico do Enxeñeiro de Edificación e Arquitecto Técnico Municipal D. Ernesto Fernando Calvo Pérez, e do arquitecto como servizo externo Juan S. Lareo Sánchez, Colexiado nº 3334 do Coag, o expediente está INCOMPLETO, polo que se lle notifica a documentación a maiores que ten que achegar ou corrixir, así como as modificacións, xustificacións ou correccións que debera presentar do proxecto para poder continuar coa tramitación do expediente:

A parcela en cuestión está clasificada como **Solo de Núcleo Rural Histórico Tradicional NRH2** regulado na ordenanza específica disposta no artigo 7.2.1 do PXOM.

Preténdese o cambio de cubrición e da estrutura de cuberta dunha edificación destinada a vivenda cunha superficie de cuberta de 62 m²

A obra que se pretende trata da substitución completa da cuberta da vivenda e dos almacéns anexos, renovando a estrutura secundaria da cuberta con viguetas pretensadas utilizando como material de cubrición a tella cerámica sobre placas de fibrocemento. Substitución da carpintería exterior da vivenda e do almacén 2 situado ao noreste por carpinterías de PVC cor branco e vidros térmicos. Execútase un illamento térmico polo exterior da vivenda tipo SATE e pintado da fachada enfusada do almacén 2.

O uso de vivenda en Solo de Núcleo rural está permitido así como as construcións agropecuarias de tipo familiar e tradicional.

Segundo as definicións de obras suxeitas ao procedemento ordinario, dispostas no anexo 1 da *Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa* (publicada no B.O.P. n.º 198, do 16 de outubro de 2014), as obras que se pretenden teñen a denominación de **obras de reforma/ consolidación**. Deberá adecuar a documentación presentada a isto.

O proxecto técnico presentado está incompleto, de acordo co recollido no Anexo I da Parte I do *Código técnico da edificación*.

Sobre as determinacións do PXOM e parámetros básicos a cumprir:

NORMATIVA DE OBRIGADO CUMPRIMENTO	PROYECTO
CUMPRIMENTO DO CTE - RD. 314/2006. CODIGO TECNICO DE EDIFICACION	
DB-SI. Cumprimento da Seguridade en caso de incendio	Deberase aplicar o CTE aos elementos substituídos ou
DB-SUA. Cumprimento da Seguridade de utilización e accesibilidade	
DB-SE. Cumprimento da Seguridade estrutural	



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

DB-HS. Cumprimento da Salubridade	modificados.
DB-HE. Cumprimento do Aforro de Enerxía	
DB-HR. Cumprimento da Protección contra o ruído.	
CUMPRIMENTO DO DECRETO 29/2010. NORMAS DE HABITABILIDADE DE VIVENDAS EN GALICIA. NHV-2010	Xustificar

Por outra banda e finalmente, deberá achegar a seguinte documentación:

1. *Copia do/s documento/s de autoliquidación do tributo/s correspondente/s*
 2. *Datos de identificación da solicitante:*
 1. *Persoas físicas: DNI (ou documento que faga as súas veces) (da solicitante e da representante). Quen compareza ou asine en representación doutro, acompañarán, ademais, un documento que acredite debidamente a devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable).*
 2. *Persoas xurídicas: DNI da representante e documentación acreditativa da representación e escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.*
 3. *Escritura pública de propiedade do terreo inscrita no Rexistro da Propiedade cando haxa cesións ou outras condicións suxeitas a inscrición rexistral.*
 4. *Cuestionario estatístico de edificación e vivenda do Ministerio de Fomento.*
 5. *Os capítulos de xestión de residuos e seguridade e saúde están infravalorados.*
 6. *A actuación proposta consiste na colocación de SATE na fachada existente sobre a aliñación coa estrada de competencia da deputación DP-6805, Pazos de Abaixo (AC-419) – (DP-4307), polo que precisa autorización sectorial deste organismo.*
 7. *Segundo o Real Decreto 1000/2010, de 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio. Artigo 2. Visados obrigatorios.*
- É obrigatorio obter o visado colexial unicamente sobre os traballos profesionais seguintes:*

a) Proxecto de execución de edificación. A estes efectos entenderase por edificación o previsto no artigo 2.1 de la Lei 38/1999, de 5 de novembro, de ordenación da edificación. A obriga de visado alcanza a aquelas obras que requiran proxecto de acordo co artigo 2.2 de dita lei.

Atendendo á lei 38/1999, de 5 de novembro, de ordenación da edificación, no seu artigo 2.2:

2. Terán a consideración de edificación aos efectos do disposto nesta Lei, e requirirán un proxecto segundo o establecido no artigo 4, as seguintes obras:

*b) **Todas as intervencións sobre os edificios existentes**, sempre e cando alteren a súa configuración arquitectónica, entendendo por tales as que teñan carácter de intervención total ou as parciais que produzan unha **variación esencial** da composición xeral exterior, a volumetría, **ou o conxunto do sistema estrutural**, ou teñan por obxecto cambiar os usos característicos do edificio.*

Polo que será preciso que o proxecto estea visado.

**Antes do comezo das obras terase que facer a entrega ante este Concello do:
Nomeamento do contratista e a xustificación da súa alta para aos efectos do imposto de**



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

actividades económicas.

A efectos do cumprimento coa ordenanza fiscal correspondente cara a liquidación das Taxas pola expedición da licenza urbanística e do ICIO, o (Oem) Orzamento de Execución Material que figura na documentación presentada para a realización das respectivas liquidacións, e que **NON SE CORRESPONDE** co total das obras a executar, ascende a un Oem de **43.195,45 €**. Os capítulos de xestión de residuos e seguridade e saúde están infravalorados.

09/04/2025 Achégase Documentación Complementaria coa seguinte documentación:

- Acreditación de representación a nome de José Fernando Añón Pose.
- Proxecto técnico de reparación de vivenda unifamiliar en Pazos de Abaixo, 59 do Arquitecto José Fernando Añón Pose colexiado nº 2423 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (Coag). Visado colexial nº 2501419,2.
- Estatística de edificación e vivenda

27/05/2025 Segundo informe técnico do Enxeñeiro de Edificación e Arquitecto Técnico Municipal D. Ernesto Fernando Calvo Pérez o expediente esta INCOMPLETO, polo que se lle notifica a documentación a maiores que ten que achegar ou corrixir, así como as modificacións, xustificacións ou correccións que deba presentar do proxecto para poder continuar coa tramitación do expediente:

1. Datos de identificación da solicitante:

1. *Persoas físicas: DNI (ou documento que faga as súas veces) (da solicitante e da representante). Quen compareza ou asine en representación doutro, acompañarán, ademais, un documento que acredite debidamente a devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable).*
 2. *Persoas xurídicas: DNI da representante e documentación acreditativa da representación e escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.*
2. *A actuación proposta consiste na colocación de SATE na fachada existente sobre a alíñación coa estrada de competencia da deputación DP-6805, Pazos de Abaixo (AC-419) – (DP-4307), polo que precisa autorización sectorial deste organismo.*

Antes do comezo das obras terase que facer a entrega ante este Concello do:
Nomeamento do contratista e a xustificación da súa alta para aos efectos do imposto de actividades económicas.

20/06/2025 Achégase a seguinte documentación complementaria:

- ☐ Datos de identificación do interesado. Copia do DNI.
- ☐ Acreditación de representación a nome de José Fernando Añón Pose.
- ☐ Resolución do Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial da Coruña pola que se concede a XXXXXXXXXX a AUTORIZACION para as obras de mantemento e conservación da vivenda con montaxe de estadas, substitución de cuberta e carpintería exterior da vivenda e almacéns anexos, execución de illamento térmico e pintado de fachadas. Expediente:



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

2025000009383.

□ Impresos xustificativos do abono das taxas polo Outorgamento da licenza Urbanística e do ICIO. O Orzamento de Execución Material que figura na documentación presentada é de 44.558,69 €. Detalle das liquidacións:

Outorgamento de licenza urbanística: (Oem x 0,20 %) = 44.558,69 € x 0,20 % = 89,12 €.
ICIO: (Oem x 4,00 %) = 44.558,69 € x 4,00 % = 1.782,35 €.

01.07.2025 Informe técnico de carácter favorable cos condicionantes específicos que nel se determinan.

16/07/2025 Informe Xurídico

Considerando o disposto na Ordenanza Fiscal nº23, reguladora da Taxa polo outorgamento de Licencias Urbanísticas e outros servizos urbanísticos (Publicación definitiva BOP Nº 198 de 16-10-2014

Considerando o disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e no Plan Xeral de Ordenación Municipal que foi obxecto de Aprobación definitiva no Pleno Municipal do luns, 9 de Marzo de 2015.Publicado no D.O.G. nº 95, o 22 de Maio de 2015. || Publicado no B.O.P. nº 99, o 28 de Maio de 2015.

A competencia para resolver o expediente corresponde, en base ó disposto no art. 21.1 q) da lei 7/85 e no art. 61.1.o) da Lei 5/997, á Alcaldía mais está delegada na Xunta de Goberno Local por decreto 734/2023 do 08.09.2023

Por todo o anterior;

PROPOÑO Á XGL:

PRIMEIRO.- Proceder á concesión da **Licenza de obras para “Reparación de Vivenda Unifamiliar”** a XXXXXXXXXX. DNI/NIF/CIF: ***5256*.*. en Pazos de Abaixo, nº 59. Ponteceso. CP: 15110. Ref.Catastral 4701901NH1940S0001QR, segundo Proxecto técnico de reparación de vivenda unifamiliar en Pazos de Abaixo, 59 do Arquitecto José Fernando Añón Pose colexiado nº 2423 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (Coag), ao cal debe atermarse.

SEGUNDO.- Suxeitar a concesión da licenza de obras ás seguintes condicións:

Particulares, segundo o informe técnico:

- **Requirirase novo Proxecto técnico redactado por técnico competente e a dirección das obras correspondente no caso de finalmente querer acometer as seguintes obras que non se contemplan no proxecto:**



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

- - Reforma interior da edificación existente.
- - Reestruturación ou consolidación.
- - Substitución de calquera tipo de elemento y/ou material que afecte a estrutura da edificación.

- A construción e forma da cuberta será a establecida no artigo 3.2.4. para Cubertas Integradas no Medio Rural.
- A propiedade a de averse o indicado no artigo 3.2.13.- CONDICIÓN DE INTEGRACIÓN E DE ADAPTACIÓN AO AMBIENTE en solo de núcleo rural e en solo rústico do PXOM, é no indicado no ARTIGO 7.1.6.- CONDICIÓN DA EDIFICACIÓN do PXOM.
- A obra deberá axustarse os condicionados técnicos indicados da Resolución do **Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial da Coruña** pola que se concede a XXXXXXXXX a AUTORIZACIÓN para as obras de mantemento e conservación da vivenda con montaxe de estadas, substitución de cuberta e carpintería exterior da vivenda e almacéns anexos, execución de illamento térmico e pintado de fachadas. Expediente: 2025000009383.
- A propiedade a de averse o indicado no ARTIGO 7.1.7.- CONDICIÓN MÍNIMAS DE URBANIZACIÓN, CESIÓNS. Autorízase a execución simultánea das obras de acometida, urbanización e edificación. Os servizos urbanísticos correspondentes ás conexións de Saneamento, Enerxía Eléctrica, Rede de auga potable e pavimento asfaltado serán por conta da propiedade. O municipio deberá esixir garantías suficientes do cumprimento desta obriga.

As novas liñas de electricidade e telecomunicacións deberán ser soterradas. Art. 7.1.5 do PXOM. Actuacións incompatibles. Están prohibidos os novos tendidos aéreos.

- Antes do comezo das obras terase que facer a entrega ante este Concello do nomeamento do contratista e a xustificación da súa alta para aos efectos do imposto de actividades económicas.
- O Promotor/Construtor terá que solicitar autorización de ocupación de vía pública ante o Concello “se fose o caso” para a realización dos traballos relativos a colocación contedores, valados, guindastres, estadas, etc.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra ou o director de execución de obra deixan de actuar nela, a propiedade debe de poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Antes do comezo das obras haberá que realizar o trazado de planta. Tamén haberá que asinar a acta de aliñacións e de rasantes, de mutuo acordo entre o técnicos municipais, os directores das obras e a propiedade.

• **Ademais:**



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

- Os residuos de construción producidos durante a execución xestionaranse conforme ás disposicións de proxecto e de acordo co establecido no R.D. 105/2008, do 1 de febreiro, de xeito que os que non poidan ser valorizados, reciclados ou reutilizados serán levados a vertedoiro autorizado non podendo depositarse nos contedores de residuos domésticos.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Para a instalación e sinalización dos contedores, guindastes, estadas, etc., compre a colaboración e coordinación co Coordinador de Seguridade e Emerxencias do Concello e coa policía local de cara a adecuada sinalización do ámbito e organización do tráfico, a fin de evitar confusións e inconvenientes á veciñanza.
- Por último, comunícase a necesidade de adoitar as medidas necesarias para a protección dos traballadores e habitantes, cumprindo cos requisitos da lexislación vixente en materia de Seguridade e Saúde. As obras adaptaranse ao disposto no R.D. 1627/1997 de 24 de outubro sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, quedando baixo a responsabilidade do promotor o cumprimento do mesmo.

Deberase comprobar se o material de fibrocemento contén asbestos, e no caso de que así fora, o tratamento do material deberá facelo unha empresa homologada para a súa manipulación.

A efectos do cumprimento coa ordenanza fiscal correspondente cara a liquidación das Taxas pola expedición da licenza urbanística e do ICIO, o (Oem) Orzamento de Execución Material que figura na documentación presentada para a realización das respectivas liquidacións, e que SE CORRESPONDE inicialmente co total das obras a executar, ascende a un Oem de 44.558,69 €. Detalle das liquidacións xa realizadas:

- Outorgamento de licenza urbanística: (Oem x 0,20 %) = 44.558,69 € x 0,20 % = 89,12 €.
- ICIO: (Oem x 4,00 %) = 44.558,69 € x 4,00 % = 1.782,35 €.

Debéndose de cumprir os seguintes prazos desde o outorgamento da licenza:

- Prazo para o inicio da obra de desmantelamento:.....6 meses.
- Prazo para a terminación da obra de desmantelamento:.....36 meses.

TERCEIRO.-Segundo o disposto no artigo 353.2 do Decreto 143/2016 a licenza outorgase cos seguintes extremos:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto de actuación: **A parcela en cuestión está clasificada como Solo de Núcleo Rural Común NRC1 regulado na ordenanza específica disposta no artigo 7.2.2 do PXOM.**
- b) Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: **Reparación de edificacións anexas a vivenda unifamiliar**
- c) Altura, ocupación e edificabilidade de parcela permitidos:

Altura: **A existente**



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

Ocupación: **A existente**

Edificabilidade: **A existente**

- d) Orzamento de execución material **44.558,69 €**
- e) Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral de encontrarse inscrito: **Pazos de Abaixo, nº 59. Ponteceso. CP: 15110. Ref.Catastral 4701901NH1940S0001QR**
- f) Nome ou razón social da persoa promotora: **XXXXXXXXXXXX. DNI/NIF/CIF: ***5256*-*.**
- g) Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde: **Arquitecto José Fernando Añón Pose Colexiado nº 2423 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (Coag)**
- h) Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas: artigo 145 da LSG.:
- **Prazo para o inicio da obra:.....6 meses.**
 - **Prazo para a terminación da obra:36 meses.**

CUARTO.- Notificar ao interesado, aos efectos legalmente establecidos, e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que se celebre.

Documento asinado dixitalmente na data e polas persoas que se indican ao marxe.”

Os membros da Xunta de Goberno Local que están presentes aproban a proposta por unanimidade de votos a favor.

4 Expediente 2025/U022/000012. Licenza de obras de substitución da cuberta da vivenda familiar na Calle, 20, Tella

PROPOSTA DE ALCALDÍA

EXPEDIENTE:	2023/U022/000012.
ASUNTO:	Solicitud de licenza de “Substitución de cuberta de vivenda unifamiliar”.
SOLICITANTE:	Manuel Ángel Barreira Rial NIF: ***6592**
INTERESADO:	XXXXXXXXXXXX NIF: ***2191**
LOCALIZACIÓN:	Lugar de A Calle n.º 20, Tella, 15110 Ponteceso (A Coruña).



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Coordenadas UTM (ETRS89): huso 29, X: 509.440 m. Y: 4.788.550 m.
Referencia catastral: 9686429 NH0898N 0001 TB

Logo de ver os seguintes antecedentes:

I.- ANTECEDENTES

04/04/2023

- Achégase **solicitud de licenza municipal**, para **substitución de cuberta de vivenda unifamiliar** en Tella; coa seguinte documentación:
 - o Autorización de representación a favor do Arquitecto Técnico D. Manuel Ángel Barreira Rial.
 - o Proxecto básico e de execución visado (n.º 2301573,2) de substitución de cuberta de vivenda unifamiliar; do arquitecto Carlos Romero Lage, colexiado n.º 4424 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG).
 - o Orzamento detallado das actuacións.
 - o Xustificante de presentación de solicitud de autorización sectorial (modelo PR004A) ante a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (Xunta de Galicia).
 - o Oficio sen visar de nomeamento do director de obra: Carlos Romero Lage, colexiado n.º 4424 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG).
 - o Oficio visado de nomeamento do director da execución da obra: Manuel Ángel Barreira Rial, arquitecto técnico colexiado n.º 1630 do Colexio Oficial da Arquitectura Técnica de A Coruña (COATAC).
 - o Oficio visado de nomeamento do coordinador de seguridade e saúde: Manuel Ángel Barreira Rial, arquitecto técnico colexiado n.º 1630 do Colexio Oficial da Arquitectura Técnica de A Coruña (COATAC).

29/09/2023

- Achégase **documentación complementaria**:
 - o Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Xunta de Galicia); pola que se concede autorización para obras pretendidas.

30/11/2023

- **Segundo informe técnico do Enxeñeiro de Edificación e Arquitecto Técnico Municipal D. Ernesto Fernando Calvo Pérez e do Arquitecto D. Óscar Seoane Centeno, como servizo externo, o expediente esta INCOMPLETO, polo que se lle notifica a documentación a maiores que ten que achegar ou corrixir, así como as modificacións, xustificacións ou correccións que deba achegar para poder continuar coa tramitación do expediente:**



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

“(…)A parte da parcela ocupada pola vivenda unifamiliar en cuestión está clasificada como **Solo de Núcleo Rural Histórico Tradicional** (variante **NRH2**).

Aínda que a edificación se atopa a menos de 30 metros da **estrada autonómica AC-419** (Buño-Ponteceso), nos treitos urbanos das estradas non se establecen nin zonas de protección da estrada nin liña límite de edificación; polo que, neste caso, **non será necesario obter a correspondente autorización previa** da administración titular da estrada.

Dado que o Rego de Ponteceso discorre ao norte da parcela, o plano de ordenación EX-11 do PXOM reflexa que a **zona de policía de leitos** abrangue unha franxa de 100 metros dende o leito do rego mencionado; incluíndo parte do volume cuxa cuberta se substituirá. Polo tanto, e segundo o disposto no artigo 9 do Regulamento do Dominio Público Hidráulico, as obras para as que se solicita licenza **precisarán de autorización administrativa previa** do organismo de conca.

As construcións da parcela atópanse dentro do **contorno de protección do patrimonio arquitectónico ou etnográfico** que rodea o elemento catalogado “Cruceiro en A Calle” (2.56). Polo tanto, para executar as obras pretendidas será necesaria a **autorización da consellaría competente** en materia de patrimonio cultural; que xa consta incorporada ó expediente.

Xa que se vai realizar unha reposición da estrutura ou dos elementos da cuberta, as obras considéranse como **“reestruturación parcial”**.

O expediente do procedemento de solicitude de licenza ordinaria iniciado **é axeitado**, pero non está completo; polo que non se pode informar favorablemente ata que se achegue a seguinte documentación:

- **Xustificante do abono das taxas** polo outorgamento da licenza.
- **Datos de identificación da persoa física solicitante**: DNI (ou documento que faga as súas veces) da persoa solicitante e da representante.
- **Cuestionario estatístico de edificación e vivenda** do Ministerio de Fomento.
- **Autorización sectorial** previa preceptiva (neste caso, Augas de Galicia).
- **Nomeamento do contratista** e xustificación de alta para os efectos do imposto de actividades económicas.

O **proxecto técnico** presentado inclúe a substitución da cuberta e a execución dun novo sistema de saneamento das pluviais da cuberta; pero **non acouta con suficiente claridade as obras que realmente se pretenden executar** (pintado de fachadas, illamento da cuberta). Se ademais das obras proxectadas, se van executar outras obras (reparación de fachadas, substitución de carpintarías, substitución de andares, modificación da distribución interna, intervención sobre as instalacións existentes...), estas deberán estar debidamente incluídas e detalladas no proxecto técnico. Deberán **acoutarse e valorarse con claridade suficiente** as obras que realmente se van executar.

O uso pretendido é admisible nesta clase de solo, xa que se pretende conservar o uso



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

global do mesmo (vivenda unifamiliar).

A actuación pretendida **cumpre coas normas reguladoras** para este tipo de solo de núcleo rural.

A efectos do cumprimento coa ordenanza fiscal correspondente cara a liquidación das taxas polo outorgamento da licenza e do ICIO, o Orzamento de Execución Material (OEM) que figura na documentación presentada para a realización das respectivas liquidacións, e que se corresponde coa obra a executar, ascende a un OEM de **13.736,52 €**.

26/07/2024

- Achégase **documentación complementaria**:

1. Datos de identificación da persoa física solicitante: DNI.
2. Autorización de representación a favor do Arquitecto Técnico D. Manuel Ángel Barreira Rial.
3. Informe do Arquitecto Técnico D. Manuel Ángel Barreira Rial no que indica que as obras consisten unicamente na substitución da cuberta da vivenda, tal e como se reflexa na documentación gráfica e medicións do proxecto.
4. Cuestionario estatístico de edificación e vivenda do Ministerio de Fomento.
5. Resolución de Augas de Galicia, Servicios Centrais. Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Xunta de Galicia, no que indica en relación o expediente co nº de Clave: DH.W15.97526, relativa a solicitude de autorización de obras do asunto de referencia. Resolvendo Outorgar a Autorización das obras solicitadas.
6. Nomeamento do contratista D. Oscar Rodríguez Fernández e xustificación de alta para os efectos do imposto de actividades económicas.

02/08/2024

- **Segundo informe técnico do Enxeñeiro de Edificación e Arquitecto Técnico Municipal D. Ernesto Fernando Calvo Pérez o expediente esta INCOMPLETO, polo que se lle notifica a documentación a maiores que ten que achegar ou corrixir, así como as modificacións, xustificacións ou correccións que deba presentar do proxecto para poder continuar coa tramitación do expediente:**

A parte da parcela ocupada pola vivenda unifamiliar en cuestión está clasificada como **Solo de Núcleo Rural Histórico Tradicional** (variante NRH2).

Aínda que a edificación se atopa a menos de 30 metros da **estrada autonómica AC-419** (Buño-Ponteceso), nos treitos urbanos das estradas non se establecen nin zonas de protección da estrada nin liña límite de edificación; polo que, neste caso, **non será necesario obter a correspondente autorización previa** da administración titular da estrada.

Dado que o *Rego de Ponteceso* discorre ao norte da parcela, o plano de ordenación EX-11 do PXOM reflexa que a **zona de policía de leitos** abrangue unha franxa de 100 metros dende o leito do rego mencionado; incluíndo parte do volume cuxa cuberta se substituirá. Polo tanto, e segundo o disposto no artigo 9 do Regulamento do Dominio Público Hidráulico, as obras para as que se



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

solicita licenza **precisarán de autorización administrativa previa** do organismo de conca.

As construcións da parcela atópanse dentro do **contorno de protección do patrimonio arquitectónico ou etnográfico** que rodea o elemento catalogado “Cruceiro en A Calle” (2.56). Polo tanto, para executar as obras pretendidas será necesaria a **autorización da consellaría competente** en materia de patrimonio cultural; que xa consta incorporada ó expediente.

Xa que se vai realizar unha reposición da estrutura ou dos elementos da cuberta, as obras considéranse como **“reestruturación parcial”**.

O expediente do procedemento de solicitude de licenza ordinaria iniciado **é axeitado**, pero non está completo; polo que non se pode informar favorablemente ata que se achegue a seguinte documentación:

Xustificante do abono das taxas polo outorgamento da licenza.

O uso pretendido é admisible nesta clase de solo, xa que se pretende conservar o uso global do mesmo (vivenda unifamiliar).

A actuación pretendida **cumpre coas normas reguladoras** para este tipo de solo de núcleo rural. A efectos do cumprimento coa ordenanza fiscal correspondente cara a liquidación das taxas polo outorgamento da licenza e do ICIO, o Orzamento de Execución Material (OEM) que figura na documentación presentada para a realización das respectivas liquidacións, e que se corresponde coa obra a executar, ascende a un OEM de **13.736,52 €**.

26.08.2024 informe de MGM sobre liquidación do ICIO

20/06/2025

- Achégase **documentación complementaria**:
 - o Autorización de representación a favor do Arquitecto Técnico D. Manuel Ángel Barreira Rial.
 - o Impresos xustificativos do abono das taxas polo Outorgamento da licenza Urbanística e do ICIO. O Orzamento de Execución Material que figura na documentación presentada é de 13.736,52 €. Detalle das liquidacións:

Outorgamento de licenza urbanística: ($Oem \times 0,20 \%$) = 13.736,52 € x 0,20 % = 27,51 €.

ICIO: ($Oem \times 4,00 \%$) = 13.736,52 € x 4,00 % = 549,46 €.

07.07.2025 Informe do técnico municipal de carácter favorables cos condicionantes xerais e específicos que nel se detallan

16/07/2025 Informe Xurídico

Considerando o disposto na Ordenanza Fiscal nº23, reguladora da Taxa polo outorgamento de Licencias Urbanísticas e outros servizos urbanísticos (Publicación definitiva BOP Nº 198 de 16-10-2014



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

Considerando o disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e no Plan Xeral de Ordenación Municipal que foi obxecto de Aprobación definitiva no Pleno Municipal do luns, 9 de Marzo de 2015. Publicado no D.O.G. nº 95, o 22 de Maio de 2015. || Publicado no B.O.P. nº 99, o 28 de Maio de 2015.

A competencia para resolver o expediente corresponde, en base ó disposto no art. 21.1 q) da lei 7/85 e no art. 61.1.o) da Lei 5/997, á Alcaldía mais está delegada na Xunta de Goberno Local por decreto 734/2023 do 08.09.2023

Por todo o anterior;

PROPOÑO Á XGL:

PRIMEIRO.- Proceder á concesión da **Licenza de obras para “Substitución de cuberta de vivenda unifamiliar”**. a XXXXXXXXXXXX NIF: ***2191** en Lugar de A Calle n.º 20, Tella, 15110 Ponteceso (A Coruña). Referencia Catastral 9686429 NH0898N 0001 TB segundo Proxecto básico e de execución visado (n.º 2301573,2) de substitución de cuberta de vivenda unifamiliar; do arquitecto Carlos Romero Lage, colexiado n.º 4424 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG)., ao cal debe atermos.

SEGUNDO.- Suxeitar a concesión da licenza de obras ás seguintes condicións:

Particulares, segundo o informe técnico:

- **Requirirase novo Proxecto técnico** redactado por técnico competente e a **dirección das obras** correspondente no caso de finalmente querer acometer as seguintes obras:
 - Reforma interior da edificación existente.
 - Reestruturación ou consolidación.
 - Substitución de calquera tipo de elemento y/ou material que afecte a estrutura da edificación.
- A construción e forma da cuberta será a establecida no artigo 3.2.4. para Cubertas Integradas no Medio Rural.
- A propiedade a de atermos o indicado no artigo 3.2.13.- CONDICIÓN DE INTEGRACIÓN E DE ADAPTACIÓN AO AMBIENTE en solo de núcleo rural e en solo rústico do PXOM, é no indicado no ARTIGO 7.1.6.- CONDICIÓN DA EDIFICACIÓN do PXOM.
- A obra deberá axustarse ó disposto na resolución da **Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. Delegación Territorial da Coruña. Servizo de Patrimonio Cultural. Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude. Xunta de Galicia**, no que indica en relación ao expediente nº 1116/23, relativa a solicitude de autorización de obras do asunto de referencia.
- A obra deberá axustarse ó disposto na resolución de **Augas de Galicia. Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. Xunta de Galicia**, debéndose cumprir as condicións Xerais e Particulares enunciadas no respectivo expediente co nº de clave DH.W15.97526.
- Antes do comezo das obras terase que facer a entrega ante este Concello do nomeamento do contratista e a xustificación da súa alta para aos efectos do imposto de actividades



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

económicas.

- O Promotor/Construtor terá que solicitar autorización de ocupación de vía pública ante o Concello “se fose o caso” para a realización dos traballos relativos a colocación contedores, valados, guindastres, estadas, etc.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra ou o director de execución de obra deixan de actuar nela, a propiedade debe de poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Antes de comezar as obras haberá que realizar o trazado de planta. Tamén haberá que asinar a acta de aliñacións e de rasantes, de mutuo acordo entre o técnicos municipais, os directores das obras e a propiedade.

Ademais:

- Os residuos de construción producidos durante a execución xestionaranse conforme ás disposicións de proxecto e de acordo co establecido no R.D. 105/2008, do 1 de febreiro, de xeito que os que non poidan ser valorizados, reciclados ou reutilizados serán levados a vertedoiro autorizado non podendo depositarse nos contedores de residuos domésticos.
- Os cascallos e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Para a instalación e sinalización dos contedores, guindastes, estadas, etc., compre a colaboración e coordinación co Coordinador de Seguridade e Emerxencias do Concello e coa policía local de cara a adecuada sinalización do ámbito e organización do tráfico, a fin de evitar confusións e inconvenientes á veciñanza.
- Por último, comunícase a necesidade de adoitar as medidas necesarias para a protección dos traballadores e habitantes, cumprindo cos requisitos da lexislación vixente en materia de Seguridade e Saúde. As obras adaptaranse ao disposto no R.D. 1627/1997 de 24 de outubro sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, quedando baixo a responsabilidade do promotor o cumprimento do mesmo.
- Deberase comprobar se o material de fibrocemento contén asbestos, e no caso de que así fora, o tratamento do material deberá facelo unha empresa homologada para a súa manipulación.

A efectos do cumprimento coa ordenanza fiscal correspondente cara a liquidación das Taxas pola expedición da licenza urbanística e do ICIO, o (Oem) Orzamento de Execución Material que figura na documentación presentada para a realización das respectivas liquidacións, e que SE CORRESPONDE inicialmente co total das obras a executar, ascende a un Oem de 13.736,52 €. Detalle das liquidacións xa realizadas:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

- Outorgamento de licenza urbanística: ($Oem \times 0,20 \%$) = $13.736,52 \text{ €} \times 0,20 \%$ = 27,51 €.
- ICIO: ($Oem \times 4,00 \%$) = $13.736,52 \text{ €} \times 4,00 \%$ = 549,46 €.

Debéndose de cumprir os seguintes prazos desde o outorgamento da licenza:

- Prazo para o inicio da obra de desmantelamento:.....6 meses.
- Prazo para a terminación da obra de desmantelamento:.....36 meses.

TERCEIRO.-Segundo o disposto no artigo 353.2 do Decreto 143/2016 a licenza outorgase cos seguintes extremos:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto de actuación: **A maior parte (65,73 %) da parcela está clasificada como Solo Rústico de Protección Agropecuaria que constitúe as zonas do territorio que deben ser obxecto de protección especial pola súa capacidade produtiva ou potencialidade agrícola. Representan as terras de labor que configuran o espazo agrícola que serve de sustento aos asentamentos rurais.**

Este tipo de solo rústico está regulado pola ordenanza específica disposta no artigo 8.2.3 do PXOM.

Aínda así, a parte noroeste (34,27 %) da parcela está clasificada como Solo de Núcleo Rural Histórico Tradicional que comprende os ámbitos de núcleo rural de orixe tradicional ou histórico recoñecidos como tal na análise do medio rural e do modelo de asentamento, onde o uso principal é o residencial. Está representada pola vivenda unifamiliar illada ou acaroadada, formando pequenos continuos edificadas.

- b) Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: **Substitución de cuberta de vivenda unifamiliar”.**

- c) Altura, ocupación e edificabilidade de parcela permitidos:

Altura:**6,25 metros.**

Ocupación: **A existente**

Edificabilidade:**0,17 m²/m²**

- d) Orzamento de execución material **13.736,52 €**

- e) Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral de encontrarse inscrito: **Lugar de A Calle n.º 20, Tella, 15110 Ponteceso (A Coruña). Referencia Catastral 9686429 NH0898N 0001 TB**

- f) Nome ou razón social da persoa promotora: **XXXXXXXXXXXXX NIF: ***2191****



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

g) Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde: **Arquitecto Carlos Romero Lage, colexiado n.º 4424 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG).**

h) Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas: artigo 145 da LSG.:

- **Prazo para o inicio da obra:.....6 meses.**
- **Prazo para a terminación da obra:36 meses.**

CUARTO.- Notificar ao interesado, aos efectos legalmente establecidos, e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que se celebre.

Documento asinado dixitalmente na data e polas persoas que se indican ao marxe.”

Os membros da Xunta de Goberno Local que están presentes aproban a proposta por unanimidade de votos a favor

5. Expediente 2025/C003/000009. Aprobación do proxecto de mellora das instalacións do campo de fútbol O Cairo

A secretaria dá conta do contido da proposta redactada para o efecto:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de ver a ORDE do 5 de marzo de 2025 pola que se establecen os criterios e o procedemento para a distribución do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local destinado aos concellos de Galicia con poboación inferior a 15.000 habitantes, previsto na letra h) do artigo 60.catro da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2025 (código de procedemento PR486B), publicada no D.O.G. nº 49, do 12 de marzo de 2025.

Logo de ver o proxecto denominado <<MELLORA DAS INSTALACIÓNS DO CAMPO DE FÚTBOL DO CAIRO >>, asinado o 05/05/2025, por importe de 59.125,90 €, sen IVE, redactado polo arquitecto Gonzalo García Martínez, colexiado número 1.897 COAG, cun prazo de execución de 3 meses.

Logo de ver o informe do arquitecto técnico municipal, Ernesto Fernando Calvo Pérez, do 18/07/2025, para o investimento indicado, nos que fai constar que cumpre coa lexislación urbanística e sectorial, así como co planeamento en vigor e que as obras se executarán nun equipamento de titularidade municipal, polo que ó seren unha instalación pública, sen invadir terreos/propiedades nas que deban obterse a dispoñibilidade destes. Tamén fai constar que este investimento, pola natureza do seu obxecto, non pode ser dividido en lotes que sexan obra



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

completa.

Logo de ver a Resolución da Alcaldía número 275/2025, do 10 de abril, na que se solicita a axuda á CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES, para a realización do proxecto denominado << ACONDICIONAMIENTO DOS CAMIÑOS MUNICIPAIS: CAMIÑO EN CANASTEVEES E CAMIÑO NO PICOTO - GONDOMIL >> por un importe de 60.000,00 €, comprometéndose o Concello de Ponteceso á achega da cantidade non subvencionada.

Logo de ver a notificación da resolución de concesión da subvención por parte da directora xeral de Administración Local, concedéndolle ó Concello de Ponteceso unha axuda por importe de 60.000,00 €.

Considerando o disposto nos artigos 121 a 126 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro; e nos artigos 124 ao 137 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Considerando o disposto no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e no PXOM de Ponteceso.

Considerando a atribución concedida ao Pleno polo artigo 22.2.ñ) da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, competencia que se atopa delegada por acordo plenario do 13 de xullo de 2023.

Por todo o anterior, no uso das atribucións que me outorga a lexislación vixente, PROPOÑO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro.- Aprobar o proxecto denominado: <<MELLORA DAS INSTALACIÓNS DO CAMPO DE FÚTBOL DO CAIRO >>, asinado o 05/05/2025, por importe de 59.125,90 €, sen IVE, redactado polo arquitecto Gonzalo García Martínez, colexiado número 1.897 COAG, cun prazo de execución de 3 meses.

Segundo.- Notificar ao redactor do proxecto e oficina técnica para que se proceda ao replanteo do proxecto conforme ó artigo 126 da LCSP.

Terceiro.- Dar traslado do contido deste acordo ó Concello Pleno na primeira sesión ordinaria que teña lugar."

Os membros da Xunta de Goberno Local que están presentes aprobaron a proposta por unanimidade de votos a favor

Non hai máis asuntos.

O presidente remata a sesión ás 11:15 h e eu redacto esta acta como secretaria.

*Documento asinado dixitalmente o día e polas persoas que constan na marxe.